



Proyecto lingüístico de centro

IES Alexandre Bóveda

1. INTRODUCCIÓN	3
2. LEXISLACIÓN	4
3. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO	5
3.1. O contexto sociolingüístico do centro	5
3.2. Situación do profesorado	6
3.3. Situación do alumnado	6
3.4. Ambientalidade lingüística do centro	7
4. PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA	8
4.1. Marco legal	8
4.2. Lingua en que se impartirán as distintas materias	9
4.3. Obxectivos xerais e liñas de actuación para o fomento da lingua galega	11
4.3.1. Obxectivos xerais	11
4.3.2. Liñas de actuación para o fomento da lingua galega	12
5. A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	14
5.1. Medidas de apoio e reforzo	16
6. O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	18
Addenda ao PLC.....	20

1. INTRODUCCIÓN

A Lei 3/1983 do 15 de xuño de normalización lingüística garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que, ao remate do ensino obrigatorio, se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. O Plan de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos. Non cabe dúbida que un destes sectores é o do ensino, pois tenta corrixir a tendencia desgaleguizadora do sistema educativo desde hai tempo.

Para lograr este obxectivo cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de Normalización Lingüística no tocante ao ensino e establecer unha regulamentación da lingua que facilite o seu emprego de xeito progresivo e xeneralizado en todos os niveis e graos non universitarios.

A devandita normativa concrétase agora no decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino universitario de Galicia, decreto que se elabora a partir dos seguintes principios:

1. Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia.
3. Adquisición dun coñecemento efectivo en linguas estranxeiras.
4. Participación das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.
5. Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino

2. LEXISLACIÓN

En Galicia púxose en marcha un modelo lingüístico educativo de conxunción de linguas, que tiña como obxectivo principal que o alumnado acadase un coñecemento semellante de galego e castelán. No marco legal definido pola Lei de Normalización Lingüística (LNL) de 1983, o que se lle esixe ao sistema educativo é que o alumnado, tras o seu paso por el, sexa competente nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar.

Así e todo, o desenvolvemento lexislativo non estivo en consonancia con estes obxectivos, e menos a súa aplicación práctica: nunha primeira fase só era obrigatorio o ensino de lingua galega como materia curricular (1983-1988), logo lexislouse o seu emprego como lingua vehicular nunha parte do currículo (1988) e máis tarde (1995) aprobouse o desenvolvemento da presenza curricular e escolar da lingua galega no ensino non universitario mediante un decreto que estivo en vigor ata o ano 2007.

O obxectivo deste decreto foi o de definir un punto de chegada común para todos os centros: a plena competencia nas dúas linguas. Mais os resultados acadados durante estes doce anos en que estivo en vigor o decreto foi moi dispar debido, por unha parte, ao camiño percorrido por cada centro e, por outra, porque o punto de partida era diferente dada a diversidade da realidade sociolingüística dos centros.

Todo isto motivou que a Administración puxese en marcha un proceso de reflexión que culminou no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG), aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en 2004.

Deste Plan, que contén un amplo abano de medidas para aplicar no ámbito educativo, xorde o Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo, e que supón un avance significativo respecto ao Decreto anterior. Nel mantense o obxectivo final e a necesidade de que os centros educativos, en función da súa realidade, elaboren unha planificación lingüística específica.

Este decreto estivo en vigor ata a publicación do **Decreto 79/2010**, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino universitario de Galicia, que indica:

Artigo 7º. Educación secundaria obrigatoria

1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

2. As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.

3. Impartiranse en galego Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza, e Bioloxía e Xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química.

4. Cada centro educativo decidirá a lingua en que se impartirán o resto das materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras.

Artigo 8º. Bacharelato

Cada centro educativo establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas, para impartir en galego e en castelán.

Artigo 14º. Proxecto Lingüístico do Centro:

1. Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico, no que se fará constar:

a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación secundaria obrigatoria e bacharelato .

b) As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

c) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

ORDE do 10 de febreiro de 2014 (DOG do 19 de febreiro de 2014) pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

Artigo 3. Requisitos para a obtención da exención temporal

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

3. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

3.1. O contexto sociolingüístico do centro

Os datos do censo de poboación de Vigo indican que conta con 293.652 habitantes e, no que fai referencia ao uso do galego, obtemos os seguintes datos na nosa contorna:

Lingua empregada habitualmente nas familias	Galego entre a xente de máis idade e castelán entre a mocidade.
Lingua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias	Galego entre a xente de máis idade e castelán entre a mocidade.
Lingua de comunicación do Concello	Galego
Lingua empregada polas entidades asociativas da contorna	Maioritariamente galego

3.2. Situación do profesorado

O perfil sociolingüístico do profesorado é esencial para definir o contexto sociolingüístico do centro así como as medidas que debemos deseñar na planificación, pois debe ser o encargado de aplicalas. No noso caso, aínda que partimos dunha situación sociolingüística favorable (o cumprimento da lei), cómpre ter en conta que, nos últimos anos, estamos a recibir profesorado novo (definitivos, por mor das xubilacións, e interinidades), o que nos dá unha situación cambiante nun elemento imprescindible para a normalización.

Para obter a situación sociolingüística do profesorado, deberemos ter en conta os seguintes aspectos:

Lingua habitual do profesorado	Predomina o castelán
Nivel de capacitación para empregar o galego na actividade docente	Media
Disposición para facer os cursos de reciclaxe e actualización	Boa
Actitude cara á utilización do galego no ámbito educativo	Boa
Actitudes cara á normalización social do galego	Favorable

3.3. Situación do alumnado

Tratamos de establecer o perfil sociolingüístico do alumnado, considerando que eles son tamén parte activa do proxecto, xa que os obxectivos da normalización van dirixidos principalmente a eles.

Tamén neste apartado temos que considerar a situación cambiante do centro que non é outra que a que está experimentando a nosa sociedade. Trátase de alumnado

estranxeiro que se incorpora ao noso sistema educativo e aos que hai que ter en consideración á hora de integralos nun ensino bilingüe.

Temos varios alumnos/as estranxeiros/as procedentes de diferentes países e culturas. Se ben algúns destes alumnos son fillos de emigrantes galegos, a maior parte non o son. A maioría do alumnado estranxeiro procede de América do Sur. Este alumnado non ten especial dificultade en lingua castelá, pero precisan reforzo en galego (posto que moitas materias son impartidas ou teñen os textos en galego). A eles hai que dirixir un esforzo especial na planificación lingüística xa que de momento carecen doutro reforzo que non sexa a vontade do profesorado de lingua galega por integralos. Hai, ultimamente, varios alumnos que proceden doutros países, que obviamente precisan reforzo nas dúas linguas.

Para facer o perfil sociolingüístico do alumnado teremos en conta as seguintes variables:

Lingua utilizada habitualmente polo alumnado	Castelán
Lingua empregada habitualmente no seu ámbito familiar	Castelán
Lingua utilizada habitualmente polo alumnado no ámbito escolar	Maioritariamente castelán
Actitudes cara á normalización social do galego que se constatan entre o alumnado.	Favorable
Actitudes cara á utilización do galego no ámbito educativo que se constatan entre o alumnado.	Favorable

Conclusión: a maioría do alumnado aprendeu a falar en lingua castelá, lingua que emprega habitualmente, aínda que máis da metade do alumnado non ten dificultade para falar, ler e escribir en galego.

3.4. Ambientalidade lingüística do centro

Buscamos neste apartado coñecer o grao de galeguización do centro fóra das actividades docentes. Isto vai determinar en que medida o centro é ou non favorable á utilización da lingua galega.

Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc.	Plena
---	-------

Emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións.	Plena
Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro.	Moderado
Emprego da lingua galega por parte da ANPA.	Moderado
Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares.	Moderado
Dotación de fondos en galego na biblioteca (libros, revistas, CD, DVD).	Aceptable
Presenza da lingua galega na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (páxina <i>web</i> do centro, actividades informáticas...).	Ampla
Presenza da lingua galega nas actividades de biblioteca, club de lectura e proxectos de centro	Ampla

O resultado destes apartados ofrece unha contorna con similar presenza das dúas linguas, aínda que os índices máis elevados de galeguización se dan nas contornas externa e interna, pero non nos axentes normalizadores que son o profesorado e o alumnado. Os nosos esforzos deben ir, pois, dirixidos a estes grupos.

4. PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

Na actualidade, a educación secundaria integra dúas etapas moi distintas. Por unha banda, temos a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e, por outra, a secundaria pos obrigatoria, que comprende o Bacharelato e a Formación Profesional, coa súa ampla variedade de ciclos formativos. No noso centro temos ESO e Bacharelato.

4.1. Marco legal

No referente á Educación Secundaria, o Decreto 79/2010 regula a utilización das dúas linguas oficiais no sistema educativo. Nel distínguese claramente entre a secundaria obrigatoria (ESO) e a pos obrigatoria.

Á primeira dedícaselle o artigo 7:

Artigo 7º. Educación secundaria obrigatoria

1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

2. As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.

3. Impartiranse en galego Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza, e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.

4. Cada centro educativo decidirá a lingua en que se impartirán o resto das materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras.

No que se refire ao ensino pos obrigatorio, o Bacharelato, non ten un regulamento tan específico coma o da ESO.

Artigo 8º. Bacharelato

Cada centro educativo establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas, para impartir en galego e en castelán.

4.2. Lingua en que se impartirán as distintas materias

MATERIA	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1ºBAC	2ºBAC
Lingua e literatura castelá	C	C	C	C	C	C
Lingua e literatura galega	G	G	G	G	G	G
Matemáticas	C	C	C	C	G	G
Ed. plástica e visual / Debuxo Técnico / Expresión artística	C		G	G	C	C
Educación física	G	G	G	G	C	
Tecnoloxía	C	C		C	C	C
Bioloxía e Xeoloxía	G		G	G	G	C
Valores éticos		G	G	G		
Proxecto competencial	G	G	C	G		
Relixión	C	C	C	C	C	C
Xeografía e Historia	G	G	G	G		
TIC				G	G	C
Física / Química		C	C	C	C	C
Música		G	G	G		
Oratoria			C	C		

Educación Dixital			G	G		
Cultura Científica				C	G	
Economía/ I.A.E				G	G	G
Ética e filosofía do dereito						G
Filosofía				G	G	C
Análise Musical					C	C
Anatomía Aplicada					C	
Antropoloxía					G	
Ciencias da terra e medioambientais						C
Literatura dramática						G
Cultura audiovisual					G	G
Fundamentos da Arte						G
Grego					C	C
Latín				C	C	C
Cultura Clásica			C	C		
Linguaxe e práctica musical					C	
Literatura Universal					C	
Artes Escénicas					G	G
Historia da Arte						C
Historia da música e da danza						C
Historia de España						G
Historia do mundo contemporáneo					G	
Imaxe e Son						G
Métodos estatísticos						G
Análise de textos						C
Patrimonio Artístico						G
Psicoloxía						G
Xeografía						G
Literatura Galega do século XX e actualidade					G	
Coro e técnica vocal					C	G

Ademais, neste momento, o centro conta con **catro seccións bilingües** (idioma inglés):

2º ESO: Unha sección bilingüe na materia de Matemáticas.

3º ESO: Dúas seccións bilingües, unha na materia de Educación Plástica e visual e outra na materia de Matemáticas.

4º ESO: Unha sección bilingüe na materia de Matemáticas B.

4.3. Obxectivos xerais e liñas de actuación para o fomento da lingua galega

4.3.1. Obxectivos xerais

A ESO é a última oportunidade que ten o sistema educativo para consolidar un ensino bilingüe, é dicir, conseguir que o alumnado teña unha boa competencia nas dúas linguas. Hai que ter en conta a necesidade de emprender camiños diferentes segundo o contorno sexa galego ou castelanfalante. En contornos galego falantes, a dificultade principal seguirá estando no mantemento da lingua familiar do alumnado, pois a competencia na lingua castelá non presenta dificultade ningunha, como ben nos indica a experiencia acumulada nestes anos.

En contornos castelán falantes –como é o caso do instituto Alexandre Bóveda–, o mantemento da lingua familiar do alumnado non precisará de atención especial, pois verase favorecido pola presenza e prestixio do castelán na sociedade; o esforzo maior, neste caso, radicarán na consolidación da competencia na lingua galega e na extensión do seu uso nas actividades escolares.

O OBXECTIVO XERAL E FINAL, que obriga a todos os centros e que cómpre reiterar é o seguinte:

Conseguir que o alumnado, ao remate das sucesivas etapas educativas, posúa unha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar.

Tendo en conta que o alumnado do IES Alexandre Bóveda ten como lingua de uso habitual na familia e tamén no centro o castelán, haberá que fixar obxectivos parciais que permitan mellorar a situación cara á normalización do galego.

Propoñemos como obxectivos parciais:

1. A adquisición dunha boa competencia en lingua galega, con especial atención á oralidade. Temos comprobado que a utilización do galego como lingua vehicular é anecdótica e tamén a ausencia dunha práctica oral planificada.

2. O fomento no alumnado de actitudes positivas cara ao uso do galego. Como sabemos, as actitudes negativas e os prexuízos poden converterse na adolescencia no obstáculo principal para que a competencia na lingua galega se traduza ou non nunha utilización práctica.

3. A concienciación do profesorado cara ás súas actitudes e competencias respecto á lingua. Semella imposible acadar os obxectivos que sinala o Decreto se non se conta cun profesorado que, calquera que sexa a súa primeira lingua, teña unha boa competencia en galego e estea libre de prexuízos cara á súa utilización no ensino.

4. A implicación desexable do equipo directivo para conseguir un incremento na porcentaxe de emprego do galego, como camiño para consolidar canto antes as competencias básicas e para acabar cos prexuízos.

5. Explicación ao alumnado e ás familias as razóns educativas que nos levan á posta en práctica das anteriores medidas

Todo o que vimos de sinalar anteriormente é válido tamén para os anos da secundaria postobligatoria. Cómpre sinalar que esta etapa non deba de presentar problemas de ningún tipo, dado que, se durante os cursos da ESO, se seguiu unha planificación axeitada, os mozos e mozas que se integran nela xa deben posuír unha boa competencia nas dúas linguas oficiais. De non suceder así, significaría que algunhas pezas da planificación da ESO están a fracasar, polo que sería imprescindible revisalas.

4.3.2. Liñas de actuación para o fomento da lingua galega

O plan de actuación para o fomento da lingua galega debe ser o máis realista e flexible posible ademais de necesitar unha avaliación continuada para poder garantir o cumprimento dos obxectivos.

A proposta destas actividades indica só unhas poucas das ofertas dun amplo abano, partindo da experiencia destes anos anteriores onde se levaron a cabo moitas tarefas de normalización que poden seguir tendo cabida neste novo intento de planificación lingüística.

O repertorio de actividades debe ir encamiñado cara aos dous obxectivos principais: o centrado no uso do galego (oral e escrito) e o relacionado coa creación de actitudes positivas.

As liñas de actuación irán dirixidas a darlle un pulo á invisibilidade da lingua galega como viñemos facendo ao longo destes anos no tocante a aspectos visuais e documentais do centro, e ao fomento xeral do uso do galego

- Empregar o galego todo tipo de carteis, letreiros e avisos.
- Empregar o galego na páxina web do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesalexandreboveda/>)
- Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e coa contorna social.
- Empregar o galego en toda a documentación administrativa e pedagóxica, así como nos cuños empregados na vida administrativa.
- Usar a lingua galega en todos os actos que organice o centro, nas actividades extraescolares e complementarias...
- Utilizar o galego nas novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Publicar en galego a revista do centro *O Besbello Saltón* ou outras publicacións
- Dotar a biblioteca do centro de revistas, libros, materiais audiovisuais, fonoteca e mediateca en galego dentro do Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares, do que formamos parte dende hai oito cursos, e que nos levou a un traballo exhaustivo relacionado co Plan de Lectura e actividades relacionadas con el.
- Poñer en contacto o alumnado coa realidade actual do país con visitas de carácter didáctico. Habitualmente fanse visitas ofertadas polo Concello,

outras institucionalizadas xa no centro e relacionadas cos distintos departamentos...

- Colocar un panel informativo con información relacionada coa lingua.
- Realizar charlas con escritores. (Habitualmente e, sobre todo, estes últimos cursos están relacionadas co Plan de Fomento da Lectura levado a cabo desde a Biblioteca-Club de Lectura e o seu Plan de Mellora).
- Realizar recitais, lecturas relacionadas con eventos como os das Letras Galegas...
- Difundir as liñas de actuación deste proxecto, en xeral, a todos os membros da comunidade educativa, e, en particular, a todo o profesorado. Estas liñas de actuación lembraranse sempre no ámbito das reunións que se celebren para os distintos proxectos de centro.
- Colaborar co equipo de dinamización da lingua para a orientación, revisión e corrección do uso da lingua galega nos proxectos de centro.

De todos xeitos todo este programa de intervención irase avaliando e axustando ao avanzar o curso en función da resposta, medios humanos e técnicos, e moitos outros avatares que vaian xurdindo e dos que se dará conta cando proceda.

5. A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Cara a acadar o obxectivo final, é moi importante definir co maior detalle posible cal é o noso punto de partida e os medios cos que contamos. Só dese xeito poderemos deseñar con acerto as diferentes etapas do camiño que debemos percorrer.

O obxectivo final que debemos acadar é conseguir que o alumnado, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar, consiga unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

En moitos contextos, o galego é unha lingua pouco presente socialmente. É por iso que debemos fomentar o seu uso nas distintas actividades programadas no Instituto, co obxectivo de contribuír a darlle vitalidade e prestixio social.

As actuacións dinamizadoras terán como obxectivos principais:

- a) Fomento da extensión e da diversidade dos usos sociais da lingua galega, especialmente nos usos orais.
- b) Desaparición dos prexuízos lingüísticos que aínda perduran.

- c) Implicación dos diferentes sectores que engloban a comunidade escolar, con especial atención a profesorado e familias.

Cómpre ter en conta que o noso centro está situado nun contexto urbano, feito que, unido ao da idade do alumnado, fai que teñamos que considerar algunhas cuestións específicas:

A principal é o feito de que, hoxe por hoxe, a lingua maioritaria dos nosos adolescentes é o castelán, polo menos nos seus usos sociais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar. É necesario sermos conscientes das causas que motivan este feito, en parte derivadas do sistema educativo, en parte derivadas da situación sociolingüística de Galicia. Entre elas, parécennos destacables:

- A asociación do castelán cos ámbitos urbanos, debido á persistente presenza do prexuízo que asocia o galego co mundo rural.
- A escaseza de modelos sociais de referencia en galego para o alumnado (músicos, deportistas, líderes de opinión etc.). Unha escaseza que non se debe á súa inexistencia, senón, en boa medida, ao papel que xogan os medios de comunicación, coa selección parcial que nos ofrecen da realidade.
- As eivas na galeguización do sistema educativo, sobre todo en secundaria. Os centros, en moitos casos, non son un ecosistema favorable á presenza do galego e o noso non é unha excepción. É evidente que os centros educativos non poden cambiar os usos sociais das linguas, pero si deben cumprir coa parte que a lexislación demanda: que o alumnado adquira unha boa competencia e que non teña prexuízos cara á utilización do galego.
- O punto de partida: É moi importante ter en conta cal será o punto de partida do noso alumnado; é dicir, con que nivel de competencia nos chegan de Educación Primaria. Nunha situación ideal, a competencia nas dúas linguas deberá ser boa e corresponder ao nivel de idade propio da etapa.
- A definición clara das materias que se impartirán en galego (tanto na ESO coma no Bacharelato), xa que algunhas veñen marcadas polo Decreto 2010, pero outras non. Neste punto, o papel do profesorado adquire unha dimensión moi relevante. É imprescindible que a planificación lingüística se asuma por parte do claustro e do equipo directivo, pois de non ser así está condenada ao fracaso.

- A información ás familias, tanto dos obxectivos que se perseguen como do que se está a facer. A actitude (positiva ou negativa) e os prexuízos que se poidan dar no seo familiar inflúen significativamente (cando menos nos primeiros anos da ESO) sobre a actitude do alumno e a súa disposición a aprender.
- A utilización de abondoso material didáctico, seleccionado en función da súa calidade, é relevante para acadar bos resultados. Tamén o é a utilización sistemática do galego en todas as actividades relacionadas coas TIC (páxina *web* do centro, *blogs* de clase ou da biblioteca, traballo escolar con ordenadores, práctica de videoconferencias con outros centros etc.).
- O emprego do galego nas actividades que se realizan no centro e que non son estritamente escolares, como no caso das actividades extraescolares (competicións deportivas, actividades musicais e teatrais, revista escolar etc.).
- Deben aproveitarse todas as oportunidades que se nos presenten na relación coa sociedade da contorna: excursións, visitas, saídas, charlas, relacións cos medios de comunicación etc., pois son moi útiles para o emprego normalizado da lingua e para que se comprobe a súa validez plena para as actividades da vida diaria.
- É fundamental que a planificación contemple un seguimento periódico do camiño que se está a percorrer, para constatar se se vai na boa dirección ou se é preciso reconducir algunhas das pautas de actuación, sobre todo durante os anos da ESO.
- Dentro deste seguimento, debe contemplarse unha avaliación ao final de cada curso. Dela obterase a información necesaria para saber se a planificación que levamos é axeitada ou cómpre modificala.

5.1. Medidas de apoio e reforzo

En Galicia, temos un modelo de ensino bilingüe. A lingua galega forma parte da diversidade lingüística española e europea. Dispón do status de lingua propia de Galicia e é cooficial xunto co castelán, cun número de falantes habituais de case dous millóns e medio, e aproxímanos a unha comunidade de falantes moito máis ampla como é a comunidade de fala portuguesa.

O obxectivo do noso sistema educativo –como se dixo en reiteradas ocasións– é acadar unha competencia plena e equilibrada nas dúas linguas e que se poidan utilizar calquera das dúas en todos os contextos. Pero non é tan doado, pois este modelo de conxunción de linguas ou de bilingüismo total admite diferentes implementacións. Malia que todos os centros son bilingües, a intensidade é diferente porque a Administración obriga a cursar determinadas materias nun ou noutro idioma, pero deixa a cada centro que determine o perfil lingüístico do resto das áreas curriculares.

Todo este panorama que estabamos a vivir hai que reorganizalo debido ás mudanzas demográficas e ao extraordinario movemento migratorio, pois ábrese novas posibilidades para o ensino en xeral e para a docencia lingüística en particular.

Somos unha cidadanía multicultural á que, ademais das tensións de clase, hai que engadir outras de tipo étnico ou identitario que nos levan a establecer novas formas de desigualdade e de discriminación.

Os desafíos que esta nova realidade suxire no ámbito escolar son moitos e moi relevantes.

A escolarización do alumnado de familias inmigrantes supón un reto ao que debemos responder. Son nenos e nenas de zonas moi afastadas xeográfica, cultural e lingüisticamente, con identidades moi diversas. Polo tanto é o momento de poñer en práctica políticas baseadas en principios de integración e non de asimilación; é dicir, achegar solucións novas a situacións novas no sistema educativo.

O camiño máis factible neste momento é o de tratar de recoñecer e visibilizar simbolicamente as súas linguas no escenario escolar, para non illalos e si integralos e, sobre todo, buscando un apoio ou reforzo para que este alumnado poida acadar os obxectivos lingüísticos estipulados para o ensino.

No noso centro, concretamente, temos un grupo de alumnado procedente de fóra de Galicia, polo que xa de inmediato necesitamos apoio lingüístico na materia de lingua galega, tamén na de lingua castelá, pero menos debido a que moitos destes alumnos si son castelán falantes.

Parece, pois, imprescindible, se aspiramos a un ensino bilingüe, a adopción de medidas eficaces para a integración deste alumnado na lingua propia de Galicia, polo que cómpre deseñar estratexias para inicialos na nosa lingua. É preciso material e tamén profesorado se queremos conseguir que estes alumnos se integren nas dúas linguas; e aínda é máis importante o apoio en galego xa que moitos destes alumnos estranxeiros teñen o castelán como lingua propia.

Así pois, para o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas, as posibles medidas que se poden tomar son:

- Sesións de integración na(s) lingua(s) por parte do profesorado de apoio que haxa no centro (sempre que sexa posible).
- Establecemento de posibles apoios por parte do profesorado das distintas linguas en horario lectivo (sempre que sexa necesario e posible en función do horario do profesorado).
- Establecemento de clases de apoio e reforzo por parte do profesorado das distintas linguas en horario non lectivo (en función das horas de cada departamento).
- Nalgún caso, e se os houber, busca de posibles cursos gratuítos de integración lingüística organizados por institucións alleas ao Centro (como xa ten ocorrido algunha vez).
- Fomento de actividades de traballo en equipo para que o alumnado con descoñecemento ou con moitas dificultades nalgunha lingua concreta poida adquirir unha maior competencia na mesma a través da competencia dos seus compañeiros.

6. O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O EDLG deberá ter un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos. A súa misión será deseñar un repertorio de actividades de dinamización sociolingüística, sempre tendo en conta a realidade e os recursos con que conta o centro, coa intención de acadar o obxectivo lingüístico do sistema educativo galego: o coñecemento semellante de galego e castelán.

O EDLG elaborará un programa de actividades para o fomento e dinamización da lingua galega que se realizará durante o curso, programa que será valorado e avaliado ao remate do curso, conforme ao establecido no apartado 4.3 do artigo 14º do Decreto 79/2010.

IES Alexandre Bóveda**Addenda ao Proxecto Lingüístico de Centro Curso 2023/2024**

O PLC do IES Alexandre Bóveda foi aprobado en reunión do Consello Escolar con data 22/09/2021. En aplicación da normativa vixente, artigo 4 do Decreto 79/2010, presentamos a seguinte addenda.

1. Apartado 4.2.

Catro seccións bilingües para o curso 2023-2024 (idioma inglés):

2º ESO: Unha sección bilingüe na materia de Matemáticas.

3º ESO: Dúas seccións bilingües, unha na materia de Educación Plástica e visual e outra na materia de Matemáticas.

4º ESO: Unha sección bilingüe na materia de Matemáticas B.

2. Apartado 4.3.

O EDLG, coa colaboración do departamento de Lingua Galega e doutros departamentos, levou a cabo numerosas actividades durante o curso 2022-2023. Entre elas, destacan:

2.1. Alumnado voluntario

Uns 30 alumnos de distintos niveis achegaron novas e alternativas ideas para dinamizar o EDLG desde a perspectiva dos adolescentes. Participaron activa e cooperativamente.

2.2. Calendarios de aula

O tema que centrou os calendarios de aula foron os refráns. Cada mes vai ilustrado cunha fotografía e un refrán acaídos a ese mes, alén de levar tamén os nomes dos días da semana escritos en portugués. Estes calendarios, onde se anotan datas de exames e probas, están distribuídos por todas as aulas do centro, desde 1º ESO ata 2º BACH.

2.3. Funcións escolares en galego (teatro, música, danza)

-Samaín: Viva o Samaín!

-Nadal: *Un conto de Nadal*, de Charles Dickens

-Entroido: festa do Entroido coa participación de todo o alumnado.

-Fin de curso: Teen Beach Movie, Quen matou a Sisenea?

2.4. Concursos

- I Concurso de microrrelatos: *Quen dixo medo!*
- I Concurso de postais de Nadal: distribuíronse as postais no Centro Comercial Coia 4.
- Tolos contos curtos (narrativa) e Saboroso son dos versos salgados (poesía)
- Participación no concurso “As imaxes do Patrimonio”, organizado por Ponte...nas ondas!
- Participación no Galetiktokers, organizado polo Concello de Ames.

2.5. Obradoiro de baile tradicional con Artur Puga

Obradoiro de baile tradicional, destinado a 1º e 2º BAC E (dúas sesións, unha en outubro e outra en novembro), impartido polo bailador e docente Artur Puga. O alumnado aprendeu os puntos, alén de decatarse de que o baile tradicional forma parte do noso patrimonio cultural e cómpre coidar, preservar e difundir

2.6. Radio escolar: O Son da Noca

Poden escoitarse os programas na seguinte ligazón: https://www.ivoox.com/escuchar-audios-o-son-da-noca_al_27914310_1.html

2.7. Charla de Manuel Núñez Singala

O 17 de novembro, os cursos de 2º ESO A e 2º ESO E asistiron á charla ***A lingua galega: unha oportunidade***, de Manuel Núñez Singala, organizada pola Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

2.8. Contacontos inglés-galego

En colaboración co departamento de inglés, celebrouse no salón de actos do centro unhas sesións de contacontos en inglés e galego para o alumnado de 1º de BACH,a cargo de Charo Pita e a súa compañeira Patricia McGill.

2.9. Día de Rosalía

O alumnado participou con novas creacións artísticas a partir da figura de Rosalía de Castro e da súa obra (videopoemas, debuxos, poemas musicados, reflexión sobre o seu pensamento...).

2.10. Colaboración co Comando Igualdade

Realizouse unha actividade proposta polo EDLG, en colaboración co Comando Igualdade, para celebrarmos a chegada da Candeloria e da primavera. O alumnado

gravou, co móbil ou unha cámara, unha pequena curta cuxa temática era as novas formas de relacionarse sentimentalmente (60 segundos máximo).

2.11. Asistencia a espectáculos en galego

- Intérpretes que visitaron o noso centro: Isolda Comesaña
- Asistencia á Sala Ártika: *Pirolíticos*, de Mofa e Befá, quen trata o tema das novas masculinidades, e *Mosca*, de Ártika cia., sobre o acoso escolar.

2.12. Música nos recreos

Durante a semana das Letras.

Todas estas actividades foron difundidas entre a comunidade educativa na web do instituto <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesalexandreboveda/>.

Para o curso 2023-2024, as actividades previstas polo EDLG seguen esta mesma liña. Poden consultarse na Programación Anual Xeral, na seguinte ligazón: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesalexandreboveda/system/files/PXA%20I%20e%20II_ aprobada_ curso_ 2023-2024.pdf

A comunidade educativa será informada do contido desta Addenda e será remitida a Inspección.

Vigo, 8 de xaneiro de 2024